



REUNIÓN TÉCNICA

**XI TRIATLON CONCELLO
VILAGARCÍA**

**CPTO XUNTA DE GALICIA
CONTRA O RELOXO EQUIPOS**

29 de setembro de 2024


FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

**XUNTA
DE GALICIA**

**DEPORTE
GALEGO**

LOCALIZACIÓN E SERVIZOS

1. Secretaria
2. Transición
3. Penalty Box
4. Meta



- Porto de Vilaxoan

PRESENTACIONES E CIRCUÍTOS

- **Persoas clave:**

Director de Carreira: Miguel Fernández

Delegado Técnico: Angel Prado

Xuíz Árbitro: Javier Angel Vázquez

- **Xurado de Competición**

Delegado Técnico: Ángel Prado

Federación Galega: Juan Carlos Ageitos

Representantes Clubs: Manuel Rosales (AD Pinarium)

- **Circuitos e Distancias :**

ESCOLAR

Natación: 300 m (1 volta)

Bicicleta: 7,2 km(2 voltas)

Carreira: 2 km(2 voltas)

OPEN/ABSOLUTO

750 m (1 volta)

20 km(4 voltas)

5 km(3 voltas)

HORARIOS

- 8:45 - 12:10 Apertura secretaría da Competición
- 9:00 -12:30 h. Control de Material (45 min antes da túa saída)
- 10:05 h. Saída do primeiro equipo escolar(cada 2 min)
- 11:10 h. Saída do primeiro equipo Open (cada 2 min)
- 11:48 h. Saída do primeiro equipo Cto galego Fem (cada 2 min)
- 11;58 h. Saída do primeiro equipo Cto galego Masc (cada 2 min)
- 12:28 h Saída derradeiro equipo

As/os deportistas deberán estar na cámara de chamadas 5 minutos antes da saída

ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- **Só poden acceder as zonas de competición as persoas acreditadas:**
 - Deportistas participantes
 - Adestradores/as acreditados/as
 - Organización
 - Oficiais

CONTROL DE MATERIAL

- Para acceder ao control de Material :
 - **Obrigatorio identificarse con DNI, licenza ou documento oficial con foto**
 - O equipo pasará o control conxuntamente e ao completo, con todos os seus compoñentes .
Todos levarán o mesmo uniforme
 - PROBA ESCOLAR-Bicicleta e material de acordo ao regulamento escolar
 - PROBA ABSOLUTA-Bicicleta e material regulamentario para probas “sen Drafting”
 - Casco con certificación para uso ciclista. O casco debe estar posto e abrochado
 - Dorsal de corpo e casco e Bicicleta colocados
 - Gorro de natación
 - Chip.
*** (O dorsal de corpo é obrigatorio nos segmentos de ciclismo e carreira a pé)*

Foto do equipo

Dentro da transición:

- Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
- Só se pode deixar material para competir na transición
- Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos oficiais.

PROCEDIMENTOS DE SAÍDA

- O equipo que se retrase e non estea á súa hora, ao completo, na cámara de chamadas, sairá cando os oficiais llo indiquen. Non a menos de 30" doutro equipo. O tempo contaralle dende a hora de saída que tivese asignada
- Sae o equipo completo
- Saída dende a auga
- **Atletas en posición:**
- Na saída, o oficial fará a conta atrás, 3..2..1..
- Inicio da competición

PROCEDIMENTOS DE SAÍDA NULA

- Se calquera compoñente dun equipo se adianta á saída o equipo terá unha penalización de 10" na Transición 1
- Durante ese tempo os integrantes do equipo deberán permanecer quietos sen tocar ningún material

PERCORRIDOS NATACI3N ESCOLAR

300m – 1 volta



PERCORRIDOS NATACIÓN OPEN/ABSOLUTO

750m – 1 volta

NATACIÓN ABSOLUTA E OPEN: 750M



TRANSICIÓN 1

- Diríxete á túa bicicleta. Circula sempre polo corredor onde tes o dorsal.
 - Non cruces por debaixo das barras
 - 1 barra por equipo/3 cestas por equipo
 - O material utilizado debe quedar dentro das cestas
 - Colle o casco e colócao correctamente antes de sacar a bicicleta do soporte.
- “CASCO POSTO E ABROCHADO SEMPRE QUE TES CONTACTO COA BICI”**
- Coa bicicleta na man diríxete á saída de transición. Non te montes nela ata que cho indique un oficial, na liña de montaxe marcada.

TRANSICIÓN 1



ZONA DE ESPERA

- No extremo da transición haberá unha zona de espera de equipos marcada , antes da saída
- Unha vez haxa mínimo de catro deportistas do mesmo equipo na zona , poderán saír o sector ou agardar polo resto de compoñentes
- Unha vez saian os 4 integrantes o resto de compoñentes terán 30" para abandonar a transición , non permitíndolles continuar na competición unha vez transcorrido ese tempo.

CICLISMO

- Deportistas a mais de 30" do seu equipo abandonarán a competición

DRAFTING ENTRE EQUIPOS NON PERMITIDO .

- 25 metros lineais entre equipos e 3 metros laterais. Circular pola dereita. 25" para adiantar

O drafting prodúcese nun rectángulo de 3x 25m. polo que circular pola esquerda, en paralelo a outro equipo máis de 25", sen ter sobrepasado ao equipo que se adianta, será sancionado con tempo. Invadir o carril contrario suporá descualificación.

O oficial mostrará tarxeta azul ao equipo que infrinxa o drafting e amarela a aquel que cometa bloqueo ou outras infraccións

A sanción por ir a roda entre diferentes equipos é de 1 minuto na área de penalización.

.É responsabilidade do equipo cumprir a sanción

Non parar na área de penalización suporá a descualificación do equipo penalizado

PERCORRIDOS - CICLISMO ESCOLAR




ESCOLAR :7,2 Km (2 VOLTAS)

PERCORRIDOS - CICLISMO ABSOLUTO




PRECAUCIÓN

- En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella



TRANSICIÓN 2



PERCORRIDOS - CARREIRA ESCOLAR



PERCORRIDOS - CARREIRA OPEN /ABSOLUTO



META E POSTMETA

Unha vez cruces a liña de meta non te deteñas, continúa ata a pos meta onde recibirás o avituallamento.

Diríxete directamente á transición, recolle o teu material en canto cho permitan os oficiais e abandona a zona.

CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓN

- A Cronometraxe da proba será electrónica. Realizarase con chip amarelo
- Unha clasificación provisional será publicada, para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportista
- [Procedemento de Reclamación/Apelación Probas FEGATRI](#)
- [Formulario Reclamación](#)
- [Formulario Apelacion](#)
- As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

PREMIOS-PROBAS CAMPIONATO GALEGO

- Trofeos para os tres primeiros equipos de cada proba
- Premios económicos proba campionato galego :
 - 1º equipo clasificado masculina e feminina 300,00 €
 - 2º equipo clasificado masculina e feminina 200,00 €
 - 3º equipo clasificado masculina e feminina 100,00 €

As entregas de premios faranse inmediatamente rematada cada proba, no horario marcado e co protocolo establecido

*** (Normativa Covid- O/a Deportista ou club que non poida estar na entrega de premios deberá informar ao Xuíz Árbitro ao remate da proba ou seralle de aplicación o Art. 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI. - Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono*

DOMINGO

Temp.

15 ° / 13°

Tempo



!! BOA SORTE !!

FEGATR
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

NON
Fronte á violencia de xénero
só cabe unha resposta.
Sen ningún xénero de dúbida.